

“NINGÚN COMERCIO SEN TIQUE DIXITAL”: UNHA INICIATIVA GRATUÍTA PARA POTENCIAR A DIXITALIZACIÓN DO COMERCIO GALEGO

IMPARTE: TICKEPHANT

16/04/2021. 10:00 – 10:45 H

STREAMING

CAL É O PROGRAMA?

- Presentación de Tickephant
- O Tique dixital: principais vantaxes para o teu negocio e clientes
- Implementación gratuíta en 3 pasos
- Outras funcionalidades de Tickephant para impulsar a túa empresa
- Datos de contacto

QUEN IMPARTE?

Tickephant

Startup galega fundada en 2019 en Nigrán (Vigo), orientada a transformar as empresas a través da dixitalización. Tickephant conta cunha aplicación propia coa que todo tipo de empresas, especialmente o pequeno comercio e a hostalería, logran procesos máis eficientes, chegan a novos clientes, melloran a experiencia de compra e reducen os custos derivados da súa actividade empresarial. www.tickephant.com

Emanuele Ricciotti


Fundador de Tickephant, Emanuele é experto en optimización de motores de búsqueda (SEO), investigación de mercado e administración de empresas. A súa visión global sobre márketing dixital, especialmente no eido do e-commerce, levoulle a fundar a empresa Clickage en 2016, e tres anos máis tarde, a startup Tickephant. Ademais da súa labor empresarial é profesor no máster de Marketing Dixital da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

CANDO E ONDE?

16 de abril de 2021
De 10:00 a 10:45 h

Streaming

INSCRICIÓN

 Streaming:
cdtic.xunta.gal

PARA QUEN?

Pemes e comercios locais galegos de diferentes ámbitos de actividade, con especial relevancia, o comercio de proximidade e os establecementos de hostalaría e restauración.

POR QUE?

Grazas á iniciativa “Ningún Comercio sen Tique Dixital” calquera comercio galego poderá implementar de forma gratuíta o Tique Dixital, co cal non só se consegue unha xestión interna máis eficaz e un mellor servizo ao cliente, senón que tamén se reduce o impacto ambiental e se elimina o contacto físico, engadindo un propósito de responsabilidade social aos seus valores de empresa. Esta aplicación contribúe a que as pemes melloren os seus procesos de cara á ‘nova normalidade’ e estean preparadas para ser máis competitivas.

Organizan: